

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 21 reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 21 reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.

O Pleno deste concello en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 21 reguladora da Taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública pola prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.betanzos.gal>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Betanzos, 03 de febreiro de 2020

A Alcaldía

María Barral Varela

2020/835



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

CERTIFICADO

Adrián J. Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos (A Coruña)

CERTIFICO o acordo que deseguido transcribo:

<<O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do xoves 30 de xaneiro de 2020, aprobou o seguinte ACORDO:

5.APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 21 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS EXPEDIENTE: 2019/X999/000041

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O 09/01/2020 con número 20209990000019 de Rexistro de Entrada, José Antonio Pérez Muíño, en representación de Iniciativas Turísticas y Deportivas SL (CIF B15848161), achega documentación á solicitude presentada o 08/11/2019 con núm. De rexistro 201999900001122. A dita solicitude incluía a actualización das tarifas do contrato de concesión e instalacións e actividades deportivas segundo documento adjunto. A actualización solicitada consiste basicamente na actualización das tarifas conforme ao IPC nun 4,2%.

SEGUNDO. Providencia de Alcaldía do 17/01/2020 que establece a modificación da ordenanza fiscal núm. 21 con obxecto de adaptar as tarifas á proposta da empresa concesionaria.

TERCEIRO. A Intervención municipal emite informe o 20/01/2020.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e o réxime de atribucións plenas do artigo 22.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Propóñolle ao Pleno da Corporación, a ditame da Comisión Informativa permanente correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da ordenanza fiscal núm 21 reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais co obxecto de de aplicar a actualización do IPC dende setembro de 2016 a setembro do 2019 (4,2%). O artigo 6 da ordenanza fiscal que regula as tarifas quedaría redactado:

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.netsede electrónica: <https://sede.betanzos.es>e-mail: correo@betanzos.net

SISTEMA DE ABONADOS				
INSCRIPCIÓN		INSCRIPCIÓN	COTA MENSUAL	
3ª IDADE XORNADA DE MAÑÁ		16,91 €	12,62 €	
XORNADA DE MAÑÁ		16,91 €	14,01 €	
XOVEN (ata 25 anos incluídos)		16,91 €	23,27 €	
INDIVIDUAL		16,91 €	25,86 €	
FAMILIAR		16,91 €	32,96 €	
NATACIÓN INFANTIL €/MES				
		1 SESIÓN SEMANA	2 SESIÓNS SEMANA	3 SESIÓNS SEMANA
1,2 OU 3 SESIÓNS SEMAN	NON ABONADOS	11,28 €	13,19 €	16,29 €
	ABONADOS	7,90 €	9,23 €	11,41 €
NATACIÓN ESCOLAR (cota para 1 sesión)				9,70 €
INTENSIVOS XULLO INFANTIL €/MES				
NON ABONADOS				52,09 €
ABONADOS				36,47 €
NATACIÓN ADULTOS (1 ou 2 sesións semanais) €/MES				
		1 SESIÓN SEMANA	2 SESIÓNS SEMANA	
NON ABONADOS		14,30 €	21,55 €	
ABONADOS		10,02 €	15,09 €	
TERCEIRA IDADE €/MES				
			2 SESIÓNS SEMANA	
NON ABONADOS			10,55 €	
ABONADOS			7,38 €	
HIDROKINESITERAPIA (2 ou 3 sesións semanais) €/MES				
		2 SESIÓNS SEMANA	3 SESIÓNS SEMANA	
NON ABONADOS		35,45 €	44,30 €	
ABONADOS		24,81 €	31,01 €	
INTENSIVOS XULLO ADULTOS				
NON ABONADOS				82,79 €
ABONADOS				57,96 €
NATACIÓN LIBRE (1 sesión/bono 12 sesións)				
		1 SESIÓN	BONO 12 SESIONES	
MENORES DE IDADE		2,91 €	27,79 €	
MAIORES DE IDADE		3,63 €	37,06 €	
PISCINA DESCUBERTA (entrada diaria)				
			1 SESIÓN	
MENORES DE IDADE			1,34 €	
MAIORES DE IDADE			2,02 €	
ALUGUER MENSUAL DE ARMARIOS €/MES				
ABONADOS				4,10 €
PAVILLÓN				
		NON ABONADOS	ABONADOS	
FUTBOL-SALA, PILATES, BALLET		16,13 €	11,26 €	
BADMINTON		12,10 €	8,45 €	
TOTAL TRAINING, AEROBIC, YOGA, TONIFICACIÓN, BIKE, HIIT, STEEP, AEROLATINO, ZUMBA NON ABONADOS		10,75 €	7,44 €	
ALUGER (sen docencia)		PISTA CENTRAL 1 HORA		19,33 €
ENTRADA INDIVIDUALIZADA		XIMNASIO/SALA MUSCULACIÓN		4,03 €
TARIFAS ESPECIAIS PARA GRUPOS		15% de desconto sobre a tarifa individual, non acumulable a outros descontos)		
IVE non engadido (o vixente en cada momento)				
Estas tarifas non inclúen IVE				



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a súa exposición no taboleiro de edictos deste concello, nun diario dos de maior difusión e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos que os interesados poderá examinalo e plantear as reclamacións que consideren oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.betanzos.gal>

TERCEIRO. Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación.

Logo de explicación do asunto, a presidenta somete o asunto a votación co seguinte resultado:

Aprobado por maioría
Votos emitidos: 14
Votos a favor: 13 [PSOE (10), PP(3)]
Votos en contra:1 [BNG (1)]
Abstencións: 0 >>

E para que conste para os efectos oportunos, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no senso de que o borrador da acta da sesión mencionada non se someteu aínda á aprobación, e a reserva dos termos que resultan desta, expido e asino este certificado co visto e praxe da alcaldesa, dona María Barral Varela.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado para os efectos do artigo 2 do Real decreto 1174/1987)
Adrián J. Márquez Caramés